

Coordinación:
Carme San Julián

Autoedición:
Fernando Calvelo
Pedro Vázquez

Colaboran neste número:
Alumnos/as IES Adormideras
Emilia Irimia Fernández
Manuel Mallo Losada
Ángel Leopoldo Damil Pena
Margarita Fernández Díaz

A Revista do I.E.S.
Adormideras Ano V, Número 5

Neste número

1	Editorial
2	Opinión
3	Entrevista
7	Poesía
11	Narrativa
16	Bandas deseñadas
23	Música
25	Cine
27	Deportes
29	Pasatempos

© Copyright: IES Adormideras '98
Polígono Adormideras, s/n
15002 A Coruña
Teléfono: 981-220512
Fax: 981-223439
E-Mail: adormide@teleline.es

MAPOULA

Editorial

Equipo de Redacción

Este novo número da revista Mapoula é a continuación dos publicados en anos anteriores, e constitúe un foro de expresión para o noso Instituto no que os alumnos poden publicar os seus traballos de creación artística así como expresar as súas opinións sobre os máis diversos temas. É por iso que animamos a tódolos alumnos e docentes do noso Instituto a que colaboren na edición da mesma, co fin de que todos poidamos dispoñer dunha canle de comunicación que redundará nun maior enriquecemento e dinamismo na vida do Centro.



Entrevista



Entrevista accidental cun dramaturgo

Unha cafetería no centro da cidade da Coruña. No seu decorado domina a cor vermella. A un lado da escena, mesas. Na outra banda, a saída. Nunha das mesas un home fala co camareiro. É Roberto Vidal Bolaño, dramaturgo. Detrás súa, unha tele. Desta saen músicas, cores, risos... Mentres o camareiro fai mutis pola esquerda, entran dous rapaces. Son estudantes. Veñen entrevistar ao dramaturgo. No tempo que dure a peza, desfilan polo cadro grupos de mulleres con abrigos de pel morta. No fondo canta un romántico guitarrista.

Estudante 1º: ¡Ola Roberto! Boas noites. Viñamos para che facer unha entrevista.

Dramaturgo: Boas, nenos, sentádevos. Empezade cando queirades. ¿E para que é? ¿Onde vai saír?

Estudante 2º: (Rindo) Nada, é para a revista do instituto, unha carallada. Ademais nós non temos experiencia.

Dramaturgo: (Prendendo un cigarro) Non vos preocupedes, é cousa fácil. Seguro que o facedes ben.

O Estudante 1º colle da bolsa unha gravadora portátil. Sitúaa enribada mesa, ao lado do dramaturgo. Pulsando o play comeza coas preguntas

Estudante 1º: (Trémalle a voz) Estadés a levar *¡Anxeliños! Comedia satánica* por Galiza, en galego lóxicamente, e polo resto do Estado en castelán. ¿Como resulta?

Dramaturgo: Home, pois iso por un lado resulta estimulante porque cunha versión en castelán hai posibilidades de que a obra teña unha vida, unha área lingüística que non sexa, só, a galega; por outro lado, é un lío. Convivir como actor co mesmo espectáculo en dúas linguas crea unha especie de cortocircuito permanente, propio exclusivamente de culturas minoritarias como a nosa; quero dicir, que é moi difícil que os casteláns teñan que facer unha obra en inglés e moito máis difícil que a teñan que facer en castelán e en galego. Sen embargo, os galegos, os cataláns e os bascos producimos, orixinariamente, case todos os espectáculos nas nosas linguas e, para pasar ao resto de España con normalidade (ao dicir normalidade refírome a non ir a funcións puntuais, a festivais, etc...), temos que facer unha versión en español. Nese sentido é complicado. Un ten que pensar nunha lingua e pasado mañán na outra, pois a maioría dos compoñentes do *Teatro do Aquí* pensamos en galego.

Estudiante 1º: (*Xa máis tranquilo*) ¿Como consideras o feito de seres autor, actor e director das obras?

Dramaturgo: É unha putada. Non porque o sexa en si mesma senón porque non sempre se pode escoller a cal das funcións che gustaría adicar os teus esforzos puntuais. Ademais a esas tres hai que lle engadir unha cuarta función que é a de ser empresario, e esa é a fodida, ¿non? O ideal sería poder escoller e realizar as tres á vez, cando interesase, ou ir realizándoas unha a unha ou, en fin, facer as múltiples combinacións que esta fórmula tripartita poida dar. O peor é que, ás veces, non se pode escoller e hai que facer de todo aínda que un non queira.

Estudiante 1º: ¿Que prefires escribir, actuar ou dirixir? ¿Cando desfrutas máis?

Dramaturgo: Desfruto máis cando consigo facer algo do que me sinto satisfeito. Se é escribindo, pois escribindo. Se é actuando, pois actuando. E se é dirixindo, pois dirixindo. O máis grato, á miña idade e tendo ciática, é escribir porque o fago na casa. Non teño que pelexar con ninguén, salvo con palabras, letras, co ordenador, ás veces, ou cos fillos e a muller que veñen por alí dar a vara.

Estudiante 1: Nos diálogos de *¡Anxeliños! Comedia satánica* hai algúns castelanismos na fala. ¿Tratas de describir a realidade sociolingüística galega?

Dramaturgo: Describila non; intento dar conta, de algunha maneira, de como estas personaxes están inmersas en determinadas peculiaridades lingüísticas. Pero se xogase, unicamente, a describila en termos realistas, todos estas personaxes expresaríanse en castelán. Eles pertencen a esa área lingüística do país que se autoodia, que despreza todo aquilo que é de seu e que, incluso, se vanagloria do contrario, son todos Paco Vázquez, falarían sistematicamente en castelán. E, claro, eu son un autor que pretende escribir en lingua galega, entón saeríame unha obra en castelán. Como a obra non é realista constrúo un galego ficticio, cheo de castelanismos e aberracións lingüísticas, pero creo que na realidade falarían, única e exclusivamente, en castelán, salvo cando, por xenerosidade, se dirixisen a algún moroso rural.

Estudiante 1: (*Collendo confianza*) Se coma se di, o teatro está en crise internacionalmente, ¿que ocorre co teatro galego?

Dramaturgo: (*Rindo*) Eu creo que os que están en crise son os que din iso. O teatro non está máis en crise que o que está a sociedade na que o teatro nace. Se alguén di, en serio, que o teatro está en crise internacionalmente, logo é que el o está tamén, ao igual que a sociedade. Unha sociedade en crise xera un teatro en crise. Hai que saber o que se quere dicir con iso; se é unha crise de retroceso, se é unha crise de medre ou se é a crise permanente na que se debe dar o fenómeno da creación. Se se fala de que non vai o público ao teatro, eu plantéxolle a calquera que se achegue a París ou a Londres, ou a Barcelona, ou a Madrid (peor que Barcelona), que vaia polos teatros e que logo me diga se hai crise de público. Non é certo que haxa crise de público. Tampouco a hai en Galicia. Non hai público pero tampouco hai lectores de narrativa, nin de poesía. O que hai en Galicia son 300.000 espectadores de *Luar*. E eses non son os que van ao teatro nin os que len libros. Dentro dese panorama, o teatro é quen menos crise ten dentro de toda a cultura galega. Os espectáculos veos unha media de 35.000 espectadores, o que convirte a crise do teatro nunha coña ao lado da crise da narrativa ou da poesía.

Estudiante 1: ¿Mudou moito a túa forma de entender o teatro dende os teus comezos ata agora?

Dramaturgo: Mudou, claro, só fodería que non. Escribín a miña primeira obra aos 19 anos e agora xa vou para os 48. Fundamentalmente non mudou moito. Non mudou en por que quero facer teatro, en como quero facer teatro (nun sentido profundo, refirome), nen en que teatro quero facer. O que pasa é que a iso lle das respostas distintas en cada momento. Pero si, si mudou, e creo que mudou nunha liña coherente coas razóns que me levaron a facer teatro.

Estudiante 1: (*Xa bastante confiado*) Vés de ser premiado co *Rafael Dieste*. ¿Como o tomaches?

Dramaturgo: Gañar un premio sempre é unha satisfacción, ten unha dotación económica que nunca vén nada mal neste tipo de choios e un séntese reafirmado vendo que o que fai interésalle, polo menos, aos membros dun xurado. Este, en particular, ten un dobre valor pois, ademais de ter unha dotación económica para o autor, garante a publicación, o que é importante, sendo tan difícil

publicar teatro neste país. Ademais estimula a posta en escena do obra, aportando medios e infraestrutura, o que permite estreala ao ano seguinte. Isto non é nada habitual, os premios que teñen estas características son moi escasos. En España só o *Lope de Vega* as ten. Está moi ben que haxa en A Coruña un premio que contemple que o teatro non é só un feito literario senón que é un feito escénico.

Co texto gañador xa concursara e non pasara de finalista. O feito de que gañase aquí queima unha etapa. Este texto haberá que publicalo e esqueceréino para me meter de cheo en outros. (*Ao rematar de falar, prende un cigarro negro*)

Estudante 1: Seguindo cos premios, ¿que che parece que lle desen o Nóbel a Darío Fo?

Dramaturgo: Paréceme estupendo. Dentro desa polémica absurda que se montou, eu creo que o premio llo deberan dar por bufón, xusto polo que se cabrean. Moi ben. É premiar unha forma de literatura que non se manifesta só na escrita, que só adquire a súa grandísima dimensión en boca e corpo do autor, que nese caso é bufón, para a súa honra. É empezar a recoñecer que hai máis formas de literatura que aquelas que as academias consideran como tal. E digo isto porque, aínda hai pouco, estiven cunha catedrática de Literatura discutindo se hoxe en día existía a literatura oral. Decía que non, que hoxe só existe a literatura escrita e que as outras son formas alleas a esta. Isto converte aos académicos suecos nuns adiantados ao seu tempo ou ao tempo da Universidade Galega ou, polo menos, ao tempo desta catedrática.

Paréceme moi ben tamén que lle desen o Premio Nacional de Literatura a Manuel Lourenzo, na medida en que é, un pouco, o mesmo. El é unha especie de bufón á galega moi pouco considerado desde o punto de vista académico e, sen embargo, un feito real e tan estimulante no noso panorama como é Darío Fo no internacional. Cada un ten a súa forma de ser, mais teñen de común que, de pronto, ten que vir xente de fóra para dar conta de que aí hai unha forma de producir cultura fundamental, nun caso, para o teatro universal e, no outro, cando menos, para o teatro galego e español.

Estudante 2: (*Que ficara calado todo o tempo*) ¿Logo cres que un xurado galego non o tería premiado?

Dramaturgo: Creo que os xurados galegos xa tiveron oportunidade de premialo. Que eu saiba xa gañou algún premio con pseudónimo, coma min, sen queoubesen a quen llo daban. Deses que dan sabendo a quen llo dan, Manolo só gañou o Premio *Xiria* que concede unha asociación de Cangas chamada así (e que tamén o gañei eu), pero os outros moitos premios que dan (Medallas Castelao e esas cousas) nunca llas deron. O máximo que lle deron foi ser nomeado "Cidadán do mes" en *O Correo Galego*, pero nada máis; un equivalente ao premio Nacional da Literatura, non. Mal que ben, este país entrega un equivalente a este premio pero, maiormente, lévano os empresarios, único ben cultural que se ve que pode producir o P.P..

Estudante 1: Pois xa está. Moitas gracias por nos soportar. Xa che pasaremos unha copia cando saia a revista; ben, se che interesa.

Dramaturgo: Claro, claro, xa ma daredes. Estivo moi ben.

Estudante 2: Vale, pois moitas gracias, Roberto e ata logo.

Dramaturgo: Ata logo, nenos.

Marchan os estudantes. Deixan de se iluminar as mesas. Só hai luz na saída, onde están os mozos.




Estudiante 1: ¡Tremendo! Non saíu moi mal.

Estudiante 2: É certo. E el é un tipo auténtico. ¿Viches que gracia o que dixo de *Luar*?

Estudiante 2 zóupalle a **Estudiante 1** no lombo. Co golpe cáelle a **Estudiante 1** a gravadora das mans. Os dous fican como láparos, mirando o aparato escachado no chan.

Estudiante 1: ¡Ufff! ¡Fodeuse! Adeus á entrevista. E estaban ben as respostas. E xa non hai "notaza" en galego. Agora non é plan de voltar a lle facer todas as preguntas outra vez.

Estudiante 2: (Que reflexiona) Hoxe xogamos a xornalistas, ¿non é?. Dá o mesmo, inventámola.



Roberto Vidal Bolaño Autor, director, e actor, foi un dos promotores do teatro independente galego. En 1974 funda a compañía teatral **Antroido**, que durante anos representará moitas das súas pezas. Ten tamén experiencia no cine e na televisión como guionista, actor, e en labores de produción e dirección. Como escritor a súa é unha das producións máis importantes no teatro galego contemporáneo, merecedora do constante recoñecemento de xurados e crítica, aínda que non toda chegou a ser publicada e outra foino en data moi tardía. Felizmente, esta é unha inxusticia que o mundo editorial galego comeza a reparar. *Laudamuco señor de ningures*, (publicada no 1977, ed. Pico Sacro) foi Premio Abrente 1976. *Ledaiñas pola morte do Meco*, (publicada no 1977) (...) *Xaxara, Paniogas, Tarelo, o rapaz e o cachamón, ou como trocar en rato pequeño o meirande xigantón*, foi mención honorífica no III Concurso de Teatro Infantil O Facho (...). *Memorias de mortos e de ausentes*, obtivo unha mención honorífica no Premio Abrente 1978. *Bailadela da morte ditosa*, foi Premio Abrente 1980, pero non se publicou ata 1992. *Ruada das papas e do unto*, foi mención honorífica no V Concurso de Teatro Infantil O Facho. En 1982, **Antroido** estreoulle *Toporrontou da Lúa e do Sol* (Edit. pola ASPG - 1996). Con *Percival*, adaptación teatral de textos de Méndez Ferrín, Vidal Bolaño conseguiu a Medalla de Ouro Ciudad de Valladolid ó mellor texto dun autor español vivo na tempada 83-84. *O romance dos figos de ouro* foi estreada por **Antroido** no 83 e *Agasallos de sombras* polo **Centro Dramático Galego** en 1984 (publicada en 1992) (...). *Caprice des dieux* foi estreada por **Antroido** en 1985 e *Cochos* no 1988 por **Uvegá Teatro** (publicada en 1992) (...). En xeral, o teatro de Vidal Bolaño caracterízase por un forte simbolismo e pola combinación entre elementos da tradición popular galega e outros tirados da realidade socio-cultural do momento. O ton farsesco disimula escasamente unha amarga e sombría crítica desa realidade. O certo é que a obra de Vidal Bolaño foi evolucionando dende o evidente compromiso antifranquista das primeiras pezas a unha sorte de neocostumismo feista, unha variedade teatral do *dirty-realism* que atopamos, sobre todo, en *Cochos* e *Saxo Tenor*, Premio Álvaro Cunqueiro 1991; (...). En *Días de Gloria*, Premio Rafael Dieste 1992 e finalista do Premio Nacional de Literatura na sección de teatro, Vidal Bolaño amosa de novo a súa capacidade para tratar dun xeito orixinal temas que se prestarían doadamente ó tópico grandilocuente. (...)

Diccionario da Literatura Galega
Tomo I. Autores